

## Un medio “arxentino” nos corolarios da Guerra Civil: Galicia e as fronteiras textuais das páxinas transatlánticas de *España Republicana*<sup>1</sup>

Mariela Sánchez<sup>2</sup>

Recibido: 30 de abril de 2016 / Aceptado: 12 de xuño de 2016

**Resumo.** No marco dos estudos transatlánticos, a presente proposta aspira a salientar parte da presenza de Galicia nas letras de *España Republicana*, publicación do Centro Republicano Español de Buenos Aires, órgano de prensa que albergou cuestións políticas pero tamén culturais en termos amplos. Os ancoradoiros xenéricos e as características dun determinado soporte poden ser sometidas a unha análise baseada en relatos que migran desde algunha publicación clandestina e que pasan a ser núcleos posibles para as referencias á Guerra Civil e as súas consecuencias, a difusión de textos concibidos como literarios e de nula posibilidade de difusión na España franquista, e a resignificación de diferentes realizacións da resistencia de escritores e escrituras de Galicia. Establecerase unha selección centrada nos anos 40 e 50 que permite –nas tan estudadas converxencias pero tamén nas friccións entre xornalismo e literatura– entrever nodos narrativos dunha cultura longamente silenciada, portadora dun destacado rol no campo literario que ineludibles figuras de autor cultivaron na Arxentina e que atopan nas páxinas do xornal feito en Buenos Aires unha particular resonancia. Tanto personalidades destacadas como suxeitos anónimos capaces de dar mostras de universalización e representatividade son tomados por un soporte que desde 1918 e ata comezos da década dos 80 do século XX sostivo –malia a distancia e as dificultades materiais que por momentos puxeron en perigo a súa periodicidade– as voces, as noticias e os principios do republicanismo, cun sitio sobranceiro para Galicia.

**Palabras chave:** Estudos transatlánticos; Guerra Civil española; xornais; Galicia; republicanismo; exilio.

## [es] Un medio “argentino” en los corolarios de la Guerra Civil: Galicia y las fronteras textuales de las páginas transatlánticas de *España Republicana*

**Resumen.** En el marco de los estudios transatlánticos, la presente propuesta aspira a relevar parte de la presencia de Galicia en las letras de *España Republicana*, publicación del Centro Republicano Español de Buenos Aires, órgano de prensa que albergó cuestiones políticas pero también culturales en términos amplos. Los anclajes genéricos y las características de un determinado soporte pueden ser sometidas a un análisis basado en relatos que migran desde alguna publicación clandestina y que pasan a ser núcleos posibles para las referencias a la Guerra Civil y a sus consecuencias, la difusión de textos concebidos como literarios y de nula posibilidad de difusión en la España franquista, y la resignificación de diferentes realizaciones de la resistencia de escritores y escrituras de Galicia. Se establecerá una selección centrada en los años 40 y 50 que permite –en las tan estudiadas convergencias pero también en las fricciones entre periodismo y literatura– entrever nodos narrativos de una cultura largamente silenciada, portadora de un destacado rol en el campo literario que ineludibles figuras de autor cultivaron en la Argentina y que encuentran en las páginas del diario hecho en Buenos Aires una particular resonancia. Tanto personalidades destacadas como sujetos anónimos capaces de dar muestras de universalización y representatividad son tomados por un soporte que desde 1918 y hasta comienzos de la década de los 80 del siglo XX sostuvo –a pesar de la distancia y de las dificultades materiales que por momentos pusieron en peligro su periodicidad– las voces, las noticias y los principios del republicanismo, con un sitio notable para Galicia.

**Palabras clave:** Estudios transatlánticos; Guerra Civil española; periódicos; Galicia; republicanismo; exilio.

<sup>1</sup> Este traballo xorde da participación no proxecto de investigación “Guerra Civil y exilio republicano español en la Argentina”, desenvolvido polo Ministerio de Cultura de España en colaboración coa Fundación Claudio Sánchez-Albornoz, dirixido por María Teresa Pochat, da Universidade de Buenos Aires, e inscribíase na bolsa de posdoutoramento do CONICET co tema “Memoria de la Guerra Civil española en la literatura argentina reciente” e o proxecto “Diálogos transatlánticos. España y Argentina: campo editorial, literatura, cultura, memoria (1940-2013)” do Programa de Incentivos da Universidade Nacional de La Plata baixo a dirección de Raquel Macciuci e a codirección de Fabio Esposito (11/H742).

<sup>2</sup> Instituto de Investigaciones en Humanidades y Ciencias Sociales (UNLP/CONICET), Universidad Nacional de La Plata, Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, Departamento de Letras.  
E-mail: msanchez@fahce.unlp.edu.ar

## [en] An “Argentine” Media in the Corollaries of the Civil War: Galicia and the Textual Borders of *España Republicana*’s Transatlantic Pages

**Abstract.** In the framework of transatlantic studies, the present proposal aims to relieve some of the presence of Galicia in *España Republicana*’s letters, publication of the Spanish Republican Center of Buenos Aires, press organ that housed not only political issues but also cultural in broad terms. Generic anchors and characteristics of a particular medium can be subjected to an analysis based on stories that migrate from some clandestine publication and which become possible nuclei for references to the Civil War and its consequences, dissemination of texts conceived as literary and without possibility of diffusion in Franco’s Spain, and the redefinition of different embodiments of the resistance of writers and writings from and about Galicia. It will be established a selection that focuses on the 40s and 50s, which allows –as studied the convergences but also friction between journalism and literature– to glimpse narrative modes of a largely muted culture, carrying a prominent role in the literary field that figures find, in the pages of the newspaper made in Buenos Aires, a particular resonance. Both prominent personalities as anonymous individuals capable of giving universal and representative samples are taken by a carrier from 1918 until the early 80s of the twentieth century held –despite the distance and the material difficulties that at times endangered their periodicity– the voices, the news and the principles of republicanism, with a prominent place for Galicia.

**Keywords:** Transatlantic studies; Spanish Civil War; Newspapers; Galicia; Republicanism; Exile.

**Sumario.** 1. Galicia en perspectiva. A mirada desde a outra beira. 1.1. Internacionalización da contenda e materia galega. Un espazo para expresar o atraso e o desprazamento. 1.2. Outras heranzas e filiacións. 2. A propósito das fontes (e da ausencia delas). 2.1. Licencias da anonimía: os recunchos do humor na visibilidade do cotián. 3. Acerca de finais definitivos e continuidades. 4. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Sánchez, M. (2017): “Un medio «arxentino» nos corolarios da Guerra Civil: Galicia e as fronteiras textuais das páxinas transatlánticas de *España Republicana*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 201-210.

### 1. Galicia en perspectiva. A mirada desde a outra beira

A permeabilidade na demarcación de dominios culturais fundados en limitacións xeográficas é algo que se manifesta moi especialmente nos estudos transatlánticos (Ortega 2010, Rodríguez y Martínez 2010, Binns 2012, Gallego Cuiñas 2012, entre outros) e na incumbencia dunhas inquedanzas “migratorias” no referido a intereses e *corpus* que se constitúen sobre a

base de liñas de recoñecemento e diálogo en torno a determinadas materias. Tomando conta das inquedanzas compartidas a un e outro carón do Atlántico, asistimos, sen dúbida, a unha oscilación de encontros e desacordos entre Arxentina e España, oscilación que ten unha complexa historia (cf. Chicote 2013 e Macciuci 2013). Nalgunhas ocasións, esa historia reeditou unha herdanza de “lenda negra” susceptible de facer ver no peninsular, sempre orbitando, a pantasma da colonización e de diferentes prácticas de imposicións que van desde a lingua e a relixión ata as discusións económicas que mesmo nos nosos días adoitan desfavorecer ás “fillas patrias”.

Nunha consideración de lineal avance cronolóxico, atopamos que, desde os desembarcos españois en América ata o aproveitamento por parte de empresas en procesos comerciais da era das multinacionais, hai mostras dunha chegada desigual en materia de centralidade e proveito. Por suposto, a consideración diacrónica dos lazos –ou dos choques– a ambos os dous lados do Atlántico tiveron os seus matices e os seus momentos de viraxe, instantes nos que a historia de friccións parece deterse para que se produza unha xuntanza significativa e fonda. Foi importante tamén a consideración positiva respecto de figuras que implicaron algunha particularidade que atenuou rivalidades herdadas e contribuíu, polo contrario, a entender continuidades e puntos de contacto.

En termos amplos, os episodios migratorios e de exilio nos que América Latina en xeral e Arxentina en particular tiveron especial protagonismo no carácter receptivo respecto de España, dan mostras dun vínculo que non se materializa en rancos sempiternos. Agora ben, en moitas ocasións nas que se puxo atención a España desde Arxentina, prevaleceu o feito de que o que se rescata ten algún modo de anomalía, unha rareza, e, ademais, un signo de concomitancia con algo non español ou, cando menos, pouco español, coma se para ser rescatado desde algunha linguaxe cultural ou estética se lle esixise ao español dar mostras dunha orixe espuria ou duns sinais de ligazón con outras culturas, unha negación ou polo menos o xesto de apagar algo do tempo pasado. Por exemplo, cando a xeración do 37, nos albores da literatura arxentina, rescata o articulismo de Mariano José de Larra, non hai que esquecer o feito de que este fora fillo dun médico “afrancesado” que prestara servizos no

exilio, situación que dalgún xeito fixo que incidise no seu fillo a cultura transpirenaica. Outro exemplo posible, xa no século XX, ten que ver cos anos 60 e a narrativa latinoamericana desembarcando en España. Carlos Fuentes inclúe o escritor español Juan Goytisolo no sitial dos nomes que compoñen o reducido número de figuras sobranceiras “sentadas” nas cadeiras do *boom* da literatura latinoamericana. Pero temos que observar que o “permiso” para que alguén “do outro lado” se sente na mesa dos nomes sobranceiros do lado americano está conectado coa burla respecto dunhas fronteiras que se dilúen nunha riqueza baseada na diversidade, factor fundamental en Goytisolo, polo cal a “perna española” do canon que deseña Fuentes é tamén susceptible de ser relativizada.

A consideración de España e o lugar que se lle dá vai mutando dependendo da conxuntura. En determinados momentos, podemos observar maior empatía; noutros, volve a marca inesquecible da conquista de América. Ás veces, España está máis preto, outras veces, máis lonxe. Daquela, dependendo do contexto, habería una necesidade de xustificar as alusións a España ou a incorporación de nomes españois en páxinas americanas, para declarar que todo o que se considera respecto do outro lado do Atlántico deixa fóra calquera posibilidade de identidade monolítica.

De considerarmos o exposto ata o momento, temos no material e no obxecto de estudo que seleccionamos e analizamos neste traballo, o xornal *España Republicana* –realizado en Arxentina maioritariamente por españois–, unha dobre excepcionalidade que fai que se achen as dúas beiras: a causa republicana, vivida desde Arxentina con especial intensidade perante a Guerra Civil e a posguerra, e o factor galego, non só pola historia de emigración –de especialmente incuestionable caudal demográfico na cidade de Buenos Aires en relación con este colectivo social–, mais tamén porque implica a percepción respecto dun apartamento do que se identifica como núcleo poderoso. Certa idea de periferia, que reflicte a memoria dun pobo que sufriu diferentes etapas de atraso

e desprazamento (lingüístico, territorial, político), é materializada en *España Republicana* de maneiras que superan amplamente o que se espera dun órgano de prensa dunha determinada agrupación política.

### 1.1. Internacionalización da contenda e materia galega. Un espazo para expresar o atraso e o desprazamento

Abórdase nesta proposta un percorrido de análise sobre unha selección de textos que dan conta da presenza de Galicia nunha publicación realizada e difundida en Buenos Aires entre 1918 e comezos dos anos 80<sup>3</sup>. *España Republicana*, malia a súa condición de órgano político-partidario do Centro Republicano Español de Buenos Aires, albergou múltiples posibilidades e formatos de expresión. A distribución do xornal, que se levou a cabo polo medio da subscrición a través do mesmo Centro, tivo o seu auxe perante os momentos de máis caudal de noticias de España; porén outros momentos, como a posguerra, reflectiron unha continuidade e unha posibilidade de que aflorasen outras formas de escrita, menos pendentes do día a día das noticias, con certas licencias e morosidades máis propias de narración que da novidade.

A presente formulación non pretende analizar exhaustivamente o contido dos múltiples artigos de opinión, poemas, publicidades e noticias que constituíron o xornal. Nin sequera podemos neste espazo facer un rexistro acabado da presenza de Galicia en *España Republicana*, tarefa inabarcable nun artigo e que ademais se remonta a períodos non necesariamente vinculados ás consecuencias da contenda bélica. Procuraremos, en troca, dar conta dunha serie de nodos que xeraron un espazo moi interesante para un relato alternativo dos corolarios da Guerra Civil española e, en particular, “do galego” na beira sudamericana do Atlántico.

Nun soporte de materialidade proteica, dificilmente clasificable e lonxe dunha continuidade sen sobressaltos –malia que, sen contradicir

<sup>3</sup> Sobre o final da publicación, por motivos de presuposto e pola decrecente actividade do Centro Republicano Español de Buenos Aires, tórnase irregular a periodicidade, que fora de por si cambiante segundo as diferentes etapas. Non hai certeza, logo, da data exacta do derradeiro exemplar publicado.

iso, tamén moi coherente e dunha notable perseveranza a través de avatares políticos e económicos diversos— a publicación *España Republicana*, as páxinas do órgano de prelo do Centro Republicano Español, fixéronse durante máis de medio século XX desde Buenos Aires; e isto admite unha mirada na que se recortan modalidades diversas para considerar a cultura galega a partir dun ángulo favorecedor de afondamentos na perspectiva transatlántica.

Especialmente na inmediata posguerra — polo que imos coller exemplos de principios dos anos 40 e algún tamén correspondente ao ano 1950, para ver a relevancia do tratamento da figura máis sobranceira do exilio republicano galego na Arxentina—, Galicia e o galego tiveron cabida en artigos, notas, anuncios e breves propostas literarias, ás veces de permeables fronteiras xenéricas. A liberdade da distancia xeográfica habilitou certa relaxación dos compartimentos estancos das definicións xenéricas máis tradicionais, polo que unha aparente noticia pode coller a forma dun pequeno conto, ou viceversa. A posibilidade de dicir o que non se podía expresar ou difundir sen perigo en páxinas peninsulares e a maleabilidade da chamada “literatura de folla caduca” (León Gross 2005: 6) potencian os alcances de ler nun medio de expresión que está suxeito ao mandato do que dita a conxuntura pero que pode tamén ter licencias varias.

No artigo “*España Republicana*, una lectura de la Guerra Civil desde Argentina”, María Teresa Pochat destaca que a publicación “resultó un medio esencial para la comunicación de las noticias de España en materia política, cultural, económica y social” e que

[a]demás de constituir un ámbito de información, dio lugar al diálogo entre entidades españolas de la Argentina y sirvió como vehículo a la hora de reunir material de ayuda en los momentos más duros de la Guerra Civil y de la posguerra. En sus páginas, las personalidades más destacadas de la II República aparecen como protagonistas, con sus alocuciones citadas en discurso directo, en plena toma de decisiones y, muchas veces, como firmantes de colaboraciones dedicadas en exclusiva a ser publicadas en el periódico. (Pochat 2006: 195)

Polo xeral, Galicia encarnou nun percorrido xornalístico-narrativo que botou man da palabra —dunha banda— de exiliados sobranceiros e —doutra banda— do día a día de suxeitos

comúns atravesados por vivencias extremas. A combinación de aspectos máis dados a facer parte das noticias centrais e outros que parecen tomados dunha instantánea aparentemente inocua ou, polo menos, prosaica da realidade, entraña o aproveitamento de diferentes linguaxes de expresión e, sobre todo, un manexo do contraste entre o que se presupón máis serio e o que —en principio cun menor impacto— termina por abarcar as esferas máis cotiás. Se consideramos ese amplo espectro que abarcan estas páxinas que con periodicidade tratan de informar e, á súa vez, facer algunha sorte de catarse comunicativa, ningún currunchito fica a salvo dos efectos do franquismo. A focalización sobre a materia galega nos anos da posguerra é en especial fértil para ilustrar eses alcances que van máis alá do que de xeito máis evidente podería estar suxeito a consecuencias, represalias, castigos. O galego abarcado polo franquismo preséntase nas páxinas de *España Republicana* encarnando situacións do desprazado, o esquecido, o silenciado. Non é casual que a expresión destas circunstancias atope un modo efectivo, sintético e claro de manifestación en espazos físicos do xornal abondo marxinais, máis ou menos pequenos en extensión, e en subxéneros que non responden aos canons da materialidade xornalística imperante en órganos políticos. Trátase de espazos onde o factor de ficcionalización ou de estilización, e a énfase na función poética da linguaxe, coa súa dobre articulación en factores de selección poética, é o que prevalece. Deste xeito, certas verdades aparecen como ditas en voz baixa, pero coa persistencia e o golpe de efecto dun texto que, por diferentes motivos, ten unha carga extra de literaturización, da que consideraremos diferentes casos.

## 1.2. Outras herdanzas e filiacións

Albert Chillón (1999) identifica unha xeración de novos xornalistas españois, a dos columnistas do posfranquismo, como “os netos de Larra”. Lonxe aínda da maduración que se atinxiría máis adiante, este sintagma poderíase pensar para algunhas seccións de *España Republicana* nos anos inmediatamente posteriores á finalización da Guerra Civil polo medio dunha variedade de textos, algúns moi breves, outros cun núcleo narrativo desenvolvido, que dan conta da herdanza do artigo de costumes. A particularidade é que se outorgan

sitios aparentemente menores a apuntamentos cotiáns que conviven coas noticias do día a día da posguerra. Destaca unha indubidable función referencial (Rebollo Sánchez 2005) pero tamén unhas dotes ensaísticas e pensadas para o formato do artigo, que se manteñen en cohesión co máis axeitado costumismo do século XIX.

A sublevación militar, relixiosa e tamén civil que tivo lugar en España en xullo de 1936 co inicio dun conflito que culminará en 1939 pero que terá unha rémora de consecuencias ao longo dunha extensa e grave posguerra, e ao longo, ademais, dun Estado ditatorial de trinta e seis anos, da cabida a unha multiplicidade de achegamentos que en parte parecen desmentir a antedita necesidade dunha fractura no carácter español para que se produza unha xenuína posibilidade de diálogo transatlántico. Os arxentinos que a través de diferentes formatos e soportes conviviron coa historia de España no século XX, fixérono no exercicio dunha vivencia case simultánea cos episodios traumáticos que ía atravesando o pobo español xunto cos representantes que se mantiveron nun rol leal á Segunda República e os artistas e intelectuais que sufriron os efectos desa mesma lealdade. Cabe aclarar que a vivencia desta simultaneidade experiencial tivo tamén as súas voces en relación co bando sublevado; porén, isto non é algo que nos ocupe aquí.

Malia a inexistencia dunha materialidade que facilitase a velocidade de transmisión das noticias, houbo no medio gráfico republicano español feito na Arxentina un avance cotián en materia de cobertura, homenaxes e análises, que ía marchando cronoloxicamente nun fragor dado pola urxencia, especialmente en tempos do conflito bélico. Nunca se dera antes de xeito tan claro unha empatía ideolóxica vívida e marcadamente comprometida. No anecdótico, son recorrentes os enfrontamentos locais aos que daba lugar a guerra que se estaba desenvolvendo no vello continente, pero tamén as campañas de axuda material organizadas na Arxentina, e o seguimento do tema unha vez rematada en termos oficiais a contenda.

En *España Republicana*, é moi ocasional a achega a aspectos arxentinos, pero esas aparicións adoitan ser notables. É verdade que as efemérides que por moito tempo estiveron presentes nas conmemoracións foron fundamentalmente as da República Española. Porén,

é preciso advertir que a perspectiva galego-argentina puxo tamén a súa atención noutros episodios, como podemos observar, por exemplo, na conmemoración da independencia argentina en palabras de Eduardo Blanco Amor, co engadido da migración de oralidade á escrita, xa que é unha transcripción de discurso radiofónico:

Cumple mañana esta República, patria nativa de los argentinos y patria electiva de los que en ella habitamos por propia decisión, los 125 años de vida como nación soberana. (...) El 9 de julio de 1816 le nace al mundo un pueblo de tan nítido destino, que en el punto mismo de nacer era ya, en la intuición de sus creadores, “una nueva y gloriosa nación” (...). [Y]a es hora de ir aboliendo los tópicos de las maternidades y las filialidades; ¡como si España hubiese sido y siguiese siendo un gran almacén que abrió sucursales nacionales en las tierras de este continente! (*España Republicana* 12/7/1941, p. 3)

Nesta liña enfática e cunha carga de adxectivos *in crescendo*, engádesese máis adiante:

[N]o nos parece nada elegante ni fecundo seguir sosteniendo la ligazón retórica de las “hijas patrias”, con la intención hipócrita de obtener de esta idiota transposición biológica un trato de extranjeros de preferencia. (*Ibid.*)

No traballo sobre a isotopía de maternidades e herdanzas, Blanco Amor trastorna literariamente unha afinada retórica e aprópiase da mencionada efeméride para xerar un ámbito transatlántico anovador.

Outra mostra de consideración da perspectiva transatlántica nos anos inmediatos ao decreto unilateral franquista de finalización da contenda atopámolo, por exemplo, en “Unamuno y la realidad americana”, asinado por un galego por adopción que presidiu a Federación de Asociaciones Gallegas da Arxentina, nada menos que Arturo Cuadrado:

Revolvía Unamuno las tierras gallegas buscando las leyendas escuchadas a su amigo Don Ramón. Y ante la placidez del paisaje quedó silencioso. Y cuando la voz curiosa le preguntó el porqué de su meditar, contestó: “Pienso en los que salieron hombres robizos y animosos, trabajadores de verdad —de madera de esencia y no de papel de Estado—, a hacer fortuna, y no contra moros, en las Américas, y remigrados

han renovado su solar nativo”. (*España Republicana* 17/1/1942, pp. 8-9)<sup>4</sup>

Nos xornais existen, por suposto, diferentes clases de textos. Esta variedade expón unha sorte de complexo mapa no que converxen nomes, títulos, temas, decisións estéticas, posibles lectores, entre outras cuestións. A diversidade descarta calquera dicotomía taxativa entre o local e o estranxeiro. Constitúese, entón, un lugar de resistencia que propicia a participación dunha activa intelectualidade de exiliados. Ocorre ademais que, nesa resistencia, hai algo moi importante, o beneficio de obter noticias relativamente actualizadas. Pero a actitude resistente, na produción e tamén na recepción das páxinas de *España Republicana*, é unha parte esencial; e é importante que a pensemos en relación cos que escriben e publican, mais tamén cos que len e fan circular a publicación.

As mutacións do xornal outorgaron un sitio, aínda que exíguo, a textos literarios dispostos en cohesión co espírito dos outros tipos textuais involucrados. Trátase moitas veces de poemas nos que poderíamos advertir certa présa e mesmo algún grado de oportunismo temático non sempre esteticamente apoiado, produto da urxencia nos días da guerra e a inmediata posguerra. É interesante como se advirte tamén niso un espazo de estada propio da diáspora. Ofrecemos aquí un exemplo de poema dedicado de xeito bidireccional, xa que a composición é o “Soneto a Federico” pero contén ademais o engadido “(Para *España Republicana*)”:

No haya mención para su falso sino / lo cierto es tu vivir en cada cosa: / el río en ti, el pájaro y la rosa / la espiga exacta y el celado vino; // las presencias de innúmero destino / el querube, el delfín, la nebulosa / y la, sin eco, injuria de esa fosa / que blasfema el misterio granadino. // Transitado de sangre y de alegría, / dócil de eternidad y de regreso, / te siento, arcángel mudo, a mi costado. // Me ampara tu celeste cetrería / de cada ardiente azar tornaste ileso, / guardián arquero, dulce hermano alado. (Eduardo Blanco Amor en *España Republicana* 12/4/1941, p. 16)

Nunha expresión literaria que alude ao asasinato de García Lorca, a diferenza de moitas das noticias que teñen a súa orixe en fontes internacionais como a OPE (Oficina de Prensa Española) ou diferentes xornais, en ocasións clandestinos, interesa destacar que o poema a través do cal o autor galego lembra en páxinas arxentino-españolas o poeta andaluz é unha peza de primeira man, é dicir, que non corresponde a unha importación que proveña doutro soporte.

Pola outra banda, *España Republicana* é tamén un depósito da oralidade propia dos ciclos de conferencias que tiveron frecuencia reforzada especialmente durante a inmediata posguerra nunha modalidade que en ocasións implicou algunha axuda económica para os desterrados. Estamos en condicións de afirmar, neste punto, que chegou a formarse unha importante rede que en Arxentina acolle a periódica participación de exiliados, fundamentalmente a través dos eventos político-culturais levados a cabo no PEAVA (Patronato Español de Ayuda a las Víctimas Antifascistas).

A integración de diversas homenaxes, recepcións, agasallos e convocatorias para actividades institucionais e culturais específicas tamén podería pensarse como un apéndice da dinámica das conferencias, pois non está na liña das típicas funcións sociais e recreativas que se amosan noutras épocas nos xornais como o máis sobranceiro da cultura galega por pagos austrais.

## 2. A propósito das fontes (e da ausencia delas)

Case como nunha poética do rumor, en moitos casos a identificación da fonte é difusa. Lembremos que o rumor é, por definición, tanto unha voz que se despraza entre o público como un ruído confuso de voces e, chegado o caso, un son vago, xordo, continuado. Allport y Postman destacan como elementos fundamentais no rumor a importancia do transmitido por aqueles suxeitos entre os que circula e a ambigüidade motivada pola ausencia ou a pouca disposición de noticias, por tensións emocionais ou por desconfianza nas noticias

<sup>4</sup> Tras o que se explicita: “Renovar el solar nativo, esa debe ser también la condición del nuevo hombre alejado violentamente de la tierra. Y para renovar normas viejas, postulados gastados, actitudes caducas, lo mejor será escuchar, como quería Unamuno” (*Ibid.*).

transmitidas (1988: 15). Debido á falta dunha continuidade no fluxo de novidades desde a península, especialmente durante a inmediata posguerra, é notorio o funcionamento dun fluír de voces informativas, ás veces nunha operación que parece tender a coidar a fonte, pero noutras ocasións é máis un proceso de literaturización que coloca en evidencia unha modalidade de silencio imposto, que mostra as precaucións necesarias na migración dos materiais e, máis aínda, que universaliza as historias que se difunden.

Declárase, por exemplo, que unha noticia se exporta dunha publicación a outra, ás veces ata esvaerse a posibilidade de comprobación de datos e de orixe. Isto engade unha pátna narrativa, en especial cando se trata de historias aparentemente marxinais pero tendentes a poñer noutra dimensión as novidades políticas centrais. Eses espazos de relatos anónimos e en principio “satelitais” ou *ad hoc* son tamén o espazo de personaxes comúns. Xunto a personalidades como Cuadrado ou Blanco Amor, aparecen alí o campesiño, o guerrilleiro, o galego que fica e sofre a posguerra. Sacrifícase ata certo punto a ocasión de confronto coa existencia do acontecemento que motiva o que se conta. Prevalece, máis ben, o episodio que atravesa o home común, como episodio cotián que subliña a continuidade dunha resistencia, tanto desde o eido dos padecementos en Galicia como desde o seu tratamento distanciado na Arxentina. Constitúe un contundente exemplo do anterior o artigo “Las vacas en el Imperio. Habla un campesino gallego” (*España Republicana* 10/3/1945), anónima e polo menos dubidosa transposición dunha entrevista oral que dá a palabra ao campesiño, de quen sabemos que é “un gallego de 60 años que acaba de llegar de España” e ao que se lle atribúe unha redentora e tan inxenua como hiperbólica representatividade: “su pueblo, una aldea de 45 vecinos, puede ser un reflejo de lo que piensan y sienten los campesinos humildes de toda España” (*Ibid.*).

Agora ben, este tipo de pequenos artigos moitas veces combínanse, na súa anonimia no tocante á sinatura, cun tratamento tendente a ridiculizar situacións de posguerra e marcar os extremos da fame e a exclusión. Por iso, os aspectos que anteceden entran en diálogo co apartado seguinte aos efectos de precisar como *España Republicana* axudou a dar conta dunha esfera non sempre cuberta polos canais

tradicionais polo medio dos cales podémonos achegar á historia e ás súas particularidades e pormenores.

## 2.1. Licencias da anonimia: os recunchos do humor na visibilidade do cotián

No eixo dunha literaturización humorística e aceda, o lugar máis destacado teno a columna “Fuego graneado”, que esixiría un coñecemento contextual e unha complicidade de lector contemporáneo, nada doados de considerar en toda a súa dimensión décadas despois.

Outros tratamentos lúdicos da realidade son máis explícitos e detallan de modo hiperbólico algún acontecemento en aparencia anecdótico que dá conta dun contexto de carencias e abusos extremos mesmo no máis prosaico. Vémo-lo por exemplo nunha presunta carta de lector titulada “Las sardinas contra el imperio”, onde o xogo permanente entre a gravidade do problema dá fame, sempre subxacente, e o detemento nunha absurda e desigual loita entre as sardiñas e o franquismo, provoca un asomo de comicidade que deixa entrever en todo momento o detonante desta estilización (*España Republicana* 25/9/1943, última páxina). Noutras páxinas, case como nota ao pé e como un espazo de literatura episódica, vanse coando máis noticias de tinguidura narrativa, fonte difusa e anécdota literaria. Vemos un exemplo en “Multas en Galicia” (*España Republicana* 23/8/1941, p. 13), texto que, á marxe dunha nota máis extensa –que é “Cómo se vive ahora en España”– expón, nunha seguidilla iterativa que vai adquirindo un ritmo de automatización poética e a estrutura paródica dunha sorte de dedicatoria, o importe e o detalle de multas en pequenos negocios:

De 3500 a la razón social Arias Porguere, por vender carburo a precios elevados. / De 3000 a José Ramón Balseiro Quirós, de Alfoz, y a Serafín Díaz Cordeiro, de Trasparga, por vender, maíz el primero y patatas el segundo, a precios elevados. / De 3000 a Manuel Cabado Estraviz, de Gutiriz, por elevación en el precio de la leche; a Faustino Trigo Vázquez, de Sober, por vender patatas sin autorización, y a Serafín Rodríguez, de Sober, por lo mismo.

A inserción de barras separadoras das oracións do texto, coma se fosen versos, é suxeitada por nós; pero nótese a variación semi-anafórica, un deixo de aliteración e a modificación rítmica dunha *dispositio* nada azarosa que

habilita un pacto de lectura lúdico, que dalgún xeito se debulla sobre a páxina.

Como unha forma de expresar o desexo de finalización do franquismo e a sospeita esperanzada de que o final realmente non pode estar moi lonxe, non é azarosa tampouco a elección de espazos: nada menos que o porto de Ferrol, a terra de Franco, asociado a unha imaxe de destrución, é unha portada que aposta pola presentación metonímica dunha vontade de acabamento.

### 3. Acerca de finais definitivos e continuidades

Cara a un final que si irrompe de xeito definitivo, o recoñecemento da figura central de Castelao, especialmente na énfase que se dá logo do seu pasamento, vai moito máis alá das súas formulacións e dos seus escritos sobre particularidades político-territoriais. É interesante, para ir rematando, realizar este pequeno salto temporal de posguerra e advertir o tratamento de *España Republicana* respecto da figura de Castelao, tanto dende a palabra escrita como no que respecta á incorporación de ilustracións do pensador, médico e debuxante galego. Faise isto a través de obras que reflicten un límite imposible de traspasar, o da morte: a súa, que tivo lugar no Centro Gallego de Buenos Aires, e a representada nas súas obras que, ao mesmo tempo, presaxian un lastre de continuidades que, nese momento, 1950, lonxe está de sospeitarse firmemente, vinte e cinco anos máis de ditadura. Neste sentido é de destacar que un dos debuxos que se inclúe nun número dedicado á necrolóxica de Castelao (*España Republicana* 20/1/1950) retoma unha metáfora de filiación, de pais/nais e fillos, como as que abordabamos no comezo, só que agora non hai espazo para un distanciamento irónico: a reprodución do debuxo titulado “No entierran cadáveres, sino simiente” exemplifica ben isto<sup>5</sup>. Pero de haber unha migración de soportes que dá conta desta progresión dun camiño que xa o día a día dunha publicación como *España Republicana* pode albiscar, non podemos deixar de mencionar a pátina de peche definitivo que supón a reprodución da obra de

Castelao “A derradeira lección do mestre”, co peso de límite máximo dese adxectivo que por suposto non atopamos en castelán.

Como é posible ver neste percorrido de anos cruciais no que atinxe aos corolarios da contenda, coa presenza de Galicia, cando se quita o foco da función social do xornal, cando o que interesa non é tanto a imaxe recreativa da difusión de banquetes de camaradería –moi presentes, certamente, noutras etapas da publicación–, o que se evita é un inocuo toque pintoresco. Evítase ese mesmo toque que, do outro lado do Atlántico, foi funcional en tanto mecanismo que incrementou a postergación dunha cultura que sufrira séculos de marxinación. A “utilización” de Galicia, entón, manifesta diversas modalidades cando facemos unha análise nun soporte versátil e de amplo alcance realizado desde Arxentina durante anos de inviable difusión en Galicia.

A presenza de Galicia neste xornal ten a desvantaxe de que non sempre o galego dispón dun lugar significativo nin conta cunha frecuencia que se poida prever; porén, isto posúe á súa vez a vantaxe da ubicuidade coa conseguinte posibilidade de aparecer en seccións e ocasións inesperadas.

Polo feito de que *España Republicana* non é unha publicación periódica galega nin na que predomine ningún outro colectivo en particular, é posible unha universalización dos temas e das problemáticas. Os padecementos locais que se plasman polo medio do humor máis acedo ou a consideración de figuras valiosas para a cultura a un e outro carón do Atlántico traspasan as fronteiras que supoñerían a pertenza privativa a Galicia, sen que iso implique deixar de localizar, de situar aquilo que se expresa de maneira lírica, informativa ou irónica.

Por outra banda, de considerarmos o contexto da existencia doutras publicacións nalgún aspecto adxacente, é importante notar que no caso dos xornais especificamente galegos na Arxentina, como *Galicia*, da Federación de Sociedades Gallegas, era máis que probable unha maior chegada a lectores vinculados por lazos de sangue á propia Galicia. En lugar diso,

<sup>5</sup> Cómpre aclarar que nas estampas do caderno *Galicia mártir*, o debuxo aludido de Castelao, está titulado en galego, obviamente aínda non normativizado (“Non entierran cadavres; enterran semente”), máis en *España Republicana* o texto di “No entierran cadáveres, sino simiente”.



a convivencia con outras realidades afectadas pola guerra e a ditadura e, en termos materiais de distribución, o alcance das subscricións de *España Republicana* ofrecían condicións para ir máis alá da circulación nos ámbitos galegos, polo cal podía derivar noutras liñas a poboación de destinatarios.

Por último, mais talvez o máis sobresaínte no que respecta á dimensión galega de *España Republicana* nun marco no que outras letras galegas de publicación periódica circulaban en Buenos Aires, é preciso mencionar que esa intelectualidade dinamizadora de proxectos culturais complexos e interdisciplinarios que fixo do colectivo galego no exilio un ámbito especialmente rico en materia de reflexión, pensamento crítico e creación, máis alá de que algúns membros dela participaron en *España Republicana*, atopou o seu campo de acción máis focalizado noutro tipo de publicacións ás que poderíamos chamar galegas, aínda que de xeito diferente que no caso dos xornais da colectividade. Non fai parte dos obxectivos e

do alcance deste traballo explorar toda a zona de publicacións de carácter periódico ligadas ao mundo artístico e intelectual galego na Arxentina, isto é, xa non as publicacións propias dunha ou doutra entidade —como a aludida no parágrafo anterior— mais correspondentes a proxectos como *Correo Literario*, cuxo grupo fundador era galego: Arturo Cuadrado, Luis Seoane e Lorenzo Varela<sup>6</sup>. A actividade literaria, plástica, teatral e cinematográfica tivo en *España Republicana* un sitio sempre subordinado á súa condición de órgano político; porén, isto dálle certa orixinalidade e unha liberdade especial naquelas seccións que serían en principio máis inofensivas polo seu rozamento co artístico, as menos dependentes da materia máis evidentemente ligada ao conxuntural. En todo caso, as redes que se tecían daquela, non só entre os protagonistas, mais tamén entre as súas publicacións, operaban nunha mutua alimentación de lecturas e lectores, nunha disidencia construtiva que por medios alternativos abría canles de expresión na distancia.

#### 4. Referencias bibliográficas

- Allport, Gordon W. e Leo Postman (1988): *Psicología del rumor*. Buenos Aires: Psique.
- Binns, Niall (2013): *Hispanoamérica y la guerra civil española. La voz de los intelectuales. Tomo II: Argentina*. Madrid: Calambur.
- Chicote, Gloria (2013): “Cuatro postales del hispanismo argentino”, *Ínsula: revista de letras y ciencias humanas* 793-794, pp. 34-37.
- Chillón, Lluís Albert (1999): *Literatura y periodismo. Una tradición de relaciones promiscuas*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- España Republicana*. Publicación del Centro Republicano Español de Buenos Aires. Ejemplares de 1940 a 1950.
- Gallego Cuiñas, Ana (ed.) (2012): *Entre la Argentina y España. El espacio transatlántico de la narrativa actual*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert.
- Léon Gross, Teodoro (2005): “La columna y lo literario como valor periodístico”, *Ínsula: revista de letras y ciencias humanas* 703-704 (*El género del columnismo de escritores contemporáneos (1975-2005)*), pp. 5-8.
- Macciuci, Raquel (2013, no prelo): “El hispanismo y la literatura española en el ámbito académico latinoamericano. Una visión desde Argentina”, en R. Bolte, J. Haase, G. Knauer e S. Schlünder (eds.), *La hispanística y el desafío de la globalización*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert.
- Ortega, Julio (ed.) (2010): *Nuevos hispanismos interdisciplinarios y transatlánticos*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert.
- Pochat, María Teresa (2006): “*España Republicana*. Una lectura de la Guerra Civil desde Argentina”, *Olivar. Revista de literatura y cultura españolas* 7/8 (R. Macciuci e M<sup>a</sup> T. Pochat (eds), *Monográfico Memoria de la Guerra Civil española*), pp. 195-207 (<http://www.olivar.fahce.unlp.edu.ar/article/view/OLIV07n08a11>).

<sup>6</sup> Coa particularidade de que ninguno dos tres nacera en Galicia; pero o seu compromiso co mundo galego en Buenos Aires e os proxectos culturais que desenvolveron no exilio na Arxentina non deixan lugar a dúbidas respecto do apropiado de sinalar a súa pertenza.

- Rebollo Sánchez, Félix (2005): “Lo literario en la columna periodística”, *Ínsula: revista de letras y ciencias humanas* 703-704 (*El género del columnismo de escritores contemporáneos (1975-2005)*), pp. 23-25.
- Rodríguez, Ileana e Josebe Martínez (eds.) (2010): *Estudios transatlánticos postcoloniales*. Barcelona: Anthropos.